



ACTA DE CONSTITUCION DA MESA PARA A CONTRATACION DA OBRA " REORDENACION INTERIOR, MELLORA DE INSTALACIONES E ACCESIBILIDADE DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL DE TUI". APERTURA DE DOCUMENTACION PRESENTADA A EFECTOS DE VIABILIDADE DE PROPOSTAS CONSIDERADAS COMO ANORMAIS OU DESPROPORCIONADAS.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui e ás doce horas e corenta minutos do día 16 de outubro de 2014, constitúese a correspondente MESA DE CONTRATACION, presidida por D. Moisés Rodríguez Pérez, actuando como vogais, o interventor do concello D. Aitor Iglesias Monzón, a secretaria do concello D^a Iene Suárez López, o arquitecto municipal D. Javier Antoñon Clemente e concelleiro de facenda e patrimonio D. Marcelino E. Cendón Vázquez. Asiste como secretaria da mesa a funcionaria D^a María Jesús Blanco Martínez.

Acto seguido, pola Mesa se procede á apertura da documentación xustificativa presentada polas empresas que se indican a continuación, dado que as súas propostas económicas consideráronse como "anormais ou desproporcionadas", de conformidade co indicado no prego de cláusulas administrativas aprobado, art. 85.6 do Regulamento de Contratos e arts. 152.1 e 152.3 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público:

.- Construcciones Delfin Ferreiro Rodriguez, S.L., con enderezo en Parque Empresarial Pereiro de Aguiar, Vial Principal, Nave 4B, 32792 Ourense.

- UTE Construcciones Castro Figueiro, S.L. - Altrasan, S.L., con enderezo en Avda. Redondela, nº 94- baixo, Chapela, 36320 Redondela.

.- Construcciones Orega, S.L., con enderezo en Parque Empresarial Pereiro de Aguiar, Vial Principal, Nave 4B-1º, 32792 Ourense.

A Mesa de Contratación, por unanimidade, acorda derivar a documentación xustificativa presentada ao arquitecto técnico municipal a efectos de que se emita informe de viabilidade e, á vista do seu resultado, propondrá, en acto público, a aceptación ou rexeitamento das ofertas económicas presentadas e proposta ao órgano de contratación de adjudicación do contrato.

Rematado o acto se estende a presente acta, que trala súa lectura é asinada por tódolos asistentes, do que eu secretaria, dou fe.

A MESA DE CONTRATACION.
O ALCALDE

A SECRETARIA DA MESA

Asdo: Moisés Rodríguez Pérez

Asdo. María Jesús Blanco Martínez.

VOGAIS:

O INTERVENTOR

A SECRETARIA DO CONCELLO.

Asdo: Aitor Iglesias Monzón.

Asdo: Irene Suárez López.

O CONCELEIRO DE FACENDA E PATRIMONIO

O ARQUITECTO MUNICIPAL

Asdo. D. Marcelino E. Cendón Vázquez

Asdo. Javier Antoñon Clemente.

